



CAMPO DE VOLUNTARIADO "SALVEMOS O MAR"

(VILANOVA DE AROUSA - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
4-15/07/2025	18-30	Internacional	Medioambiental e mariño	15

LOCALIZACIÓN

Vilanova de Arousa é un pequeno concello costeiro que se localiza ao oeste da Mancomunidade do Salnés, na provincia de Pontevedra.



DESCRICIÓN DO CAMPO

Este campo centrarase na recuperación ambiental da costa dende a praia das Sinas ata o porto de Vilanova de Arousa, pasando pola praia do Bao, a praia da Braña, a illa da Insuíña, a área de bateas de Vilanova.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Actividades náuticas e na natureza como: mergullo de superficie, caiac, sendeirismo, tiro con arco. Visitas e excursións: Museo do Mar do Grove, Centro de Interpretación do Siradella (zona intermareal Umia-Illa de Ons), visita aos portos pesqueiros e deportivos de Vilanova de Arousa.



COMO CHEGAR

Dende Santiago pódese viaxar por estrada en bus www.monbus.es ou en tren.

Dende Vigo o servizo de autobús faíno a compañía

www.monbus.es ata Pontevedra e dende alí ata Vilagarcía e Arousa www.autocaresnb.com. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

No Albergue Xuvenil das Sinas (en tendas de campaña). A manutención será no comedor do albergue.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/11212-albergue-xuvenil-as-sinas-vilanova-de-arousa>



INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día na estación de tren de Vilagarcía de Arousa. É necesario comunicar a través de correo electrónico a hora de chegada para poder coordinar o traslado ao albergue.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.





CAMPO DE VOLUNTARIADO "SALVEMOS O MAR" (VILANOVA DE AROUSA - PONTEVEDRA)

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte a la persona participante y le impida incorporarse al campo, que deberá acreditarse con informes médicos y/o del hospital en que esté ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.



QUE TRAER

- Artigos de limpeza e unha toalla de ducha.
- Saco de durmir e mochila pequena.

- Zapatos de montaña e calzado deportivo.
- Ropa: roupa deportiva (suadoiros...), roupa de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), roupa de abrigo (adecuada para traballar baixo a choiva ou con clima frío), impermeable, roupa de traballo (guantes, gorro / sombreiro, calzado cómodo...).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Vigo:
campospontevedra.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación.

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

